

INICOR



UNIÓN EUROPEA
FEDER

Unha maneira de facer Europa



Concello de Lugo



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO



Organización: Comisión de Cultura da Delegación en Lugo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

Coordinación xeral: Ángeles Castro Dapena

Secretaría: Inés Fernández Abad

Deseño gráfico: Pepa Zelada Tomé e José Manuel Castro Vázquez

Coordinador workshop: Gianfranco Olivieri

Grupo de traballo: Raul Veiga Lamelas, José Luis Sanmiguel Guerreiro, , Luisa Serrano García, Jorge Salvador Fernández e Manuel López Guitar

PRESENTACIÓN

cidadeidentidade é un espazo de observación, reflexión e investigación promovido pola Comisión de Cultura da Delegación en Lugo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, no que se pretenden acoller diversas actividades que poidan aportar algún coñecemento sobre a identidade da cidade, considerada dende o plano da relación espacial, visual, perceptiva e sentimental cos seus habitantes, tanto globalmente como dende os seus distritos e barrios.

Pretende ser un espazo multidimensional porque a cidade non pode ser estudada dende una sola dimensión do coñecemento e pretende sobre todo non esquecer os problemas de relación espazo-cidade vs. individuo-colectividade.

O fin último é intentar descubrir o xeito de axudar a construír unha identidade colectiva aberta que vincule aos habitantes co espazo cidadán, sen exclusións nin diferenciacións, e que lles invite a intervir dun xeito fluído e natural no deseño da súa cidade e dos seus barrios, para que sexan capaces de demandar un espazo público e ético de calidade, con propiedades estéticas tanto de carácter formal como espacial, pero sobre todo que sexa capaz de catalizar as relacións sociais entre os cidadáns.

ícor é o primeiro proxecto que se realiza no espazo cidadeidentidade.

A primeira relación visual e perceptiva da cidade é a paisaxe urbana, o concepto de paisaxe urbano non é estático, non so configúranos os edificios privados e os espazos públicos. A peza básica é o cidadán, a paisaxe empeza a existir cando os cidadáns saen da casa e o fan seu.

O fin básico de vivir mellor depende en gran medida da calidade dos espazos cidadáns e a súa percepción ten unha relación directa coa composición formal deses espazos. Pode xerar emocións, sensacións ou crear determinados estados de ánimo nel que se move polo campo visual dun recorrido urbano ou do que usa o espazo urbano como estancia.

A cidade como escenografía catalizadora.

A experiencia, memoria, mapas mentais da cidade, tipoloxías arquitectónicas, cantidade de masa construída, organización focal da visión e do movemento, textura e cor dos edificios son categorías susceptibles de converterse en instrumentos de identidade cidadán.

É importante entender que cando falamos da paisaxe, a suma do privado e do público forman o colectivo, na paisaxe urbana non é o privado individual e o público colectivo, todo é colectivo porque é o uso o que o significa e non a propiedade. O cidadán ha de ser consciente de que o exterior do seu edificio posúe un valor colectivo de paisaxe aproveitable para todos os cidadáns.

Por iso a cor coa que se trazan os exteriores dos edificios é parte dun valor colectivo identitario e é o obxecto do primeiro proxecto de cidadeidentidade, que denominamos icor, coa i de identidade.

íCOR desenvólvese en tres fases sucesivas:

1ª. Seminario Internacional Cor e Cidade.

Celebración dun Seminario Internacional co tema da relación entre a cor e a cidade.

Desenvolverase ao longo dun mes en venres e sábados, cunha duración total de 44 horas.

Os poñentes serán:

Prof D. Ignacio Pérez-Jofre Santesmases: Doutor en Belas Artes e profesor na facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo.

Pinturas Todocolor: Empresa de pinturas lucense.

Prof Dna. María Vázquez López : Licenciada en Historia, profesora de Arte da Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo.

Prof D. Mario Bisson: Arquitecto. Responsable científico do Laboratorio da Cor de INDACO do Politécnico de Milán.

Prof D. José Aguiar Portela da Costa: Doutor Arquitecto. Presidente do Icomos Portugal. Profesor na facultade de Arquitectura da Universidade de Lisboa.

Dna. Blanca Besteiro García: Restauradora

2ª. Workshop internacional Cor e Cidade.

Workshop formativo teórico-práctico sobre a aplicación práctica da cor na cidade.

Desenvolverase en 3 días, venres, sábado e domingo cunha duración total de 24 horas, 8 diarias.

Impartido polo Laboratorio da Cor do Politécnico de Milán.

3ª Laboratorio “Ensanche da Ramella”.

Laboratorio formativo práctico experiencial.

O seu fin será a formación de 10 arquitectos, coa carreira terminada nos últimos 5 anos e con residencia na cidade de Lugo, na elaboración de plans de cor. Coordinados por 4 arquitectos con experiencia na intervención no patrimonio e en xestión de estudos e coordinación de equipos de arquitectos.

Elaborarase un traballo final, que será o establecemento dun código cromático e a súa aplicación, para a posta en valor da arquitectura prerracionalista e racionalista no Ensanche da Ramella no Casco Histórico de Lugo.

Desenvolverase ao longo de dous meses.

FASES

1ª Seminário internacional Cor e Cidade

2ª Workshop internacional Cor e Cidade

3ª Laboratório “Ensanche da Ramella”

1º. SEMINARIO internacional: COR E CIDADE. Programa

Módulo	Docencia	Temporalización	Contidos
M1 Cor e percepción	<p>Prof. D. Ignacio Pérez-Jofre Santesmases</p> <p>Licenciado en Belas Artes. Universidade Complutense de Madrid. Doutor en Belas Artes. Universidade de Vigo. Profesor da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Universidade de Vigo.</p>	<p>Venres 14.10.11 10-14 16-20</p> <p>Sábado 15.10.11 10-14 16-20</p>	<p>1 Física da cor. A cor como luz. Lonxitudes de onda. A descomposición da luz branca: o espectro do visible. Absorción e reflexión da cor. Síntese aditiva e substractiva</p> <p>2 Fisioloxía da cor. A cor como sensación. Receptores de luminosidade e tono. Comportamento dos receptores cromáticos.</p> <p>3 Percepción da cor. Aspectos da cor: terminoloxía básica. Luminosidade, tono, saturación. Mezclas de cor. Mezcla material, óptica, por transparencia. Tipos de cor según a súa composición. Armonía e contraste. Interacción da cor: imaxe persistente e contraste simultáneo.</p> <p>4 Psicoloxía da cor. Da sensación ao significado. Equivalencias psicolóxicas da cor. Usos expresivos e comunicativos.</p>
M2 Cor e materiais	<p>Pinturas Todocolor. Lugo Empresa de pinturas lucense.</p> <p>D. Fernando Villamil Fernández Arquitecto Técnico, Xerente de Pinturas Todocolor S.L.,</p> <p>D. Luis Arévalo Representante para España de NCS e director comercial da empresa Ideas y Colores, S.L</p> <p>Dna. Gema Abelleira Corral Enxeñeira técnica industrial (especialidade Química Industrial) pola USC e Máster en Tecnoloxía de pinturas pola Universidade de Barcelona.</p>	<p>Venres 21.10.11 16-20</p>	<p>Cor: código e norma. Sistemas e referencia internacional de comunicación da cor. Pinturas e soportes de aplicación</p>

M3	Cor e comunicación	<p>Prof. D. María Vázquez López</p> <p>Licenciada en Historia. Universidade de Santiago de Compostela. Profesora de Arte da Escola de Arte e Superior de Deseño "Ramón Falcón" de Lugo.</p>	Sábado 22.10.11 10-14	<p>Uso e significado da cor na historia e nos diversos ámbitos culturais. A cor primixenia e as cores "culturais". Cor e arte. Cor e arquitectura. Cor e cine.</p>
M4	Cor e espazo urbano	<p>Prof. D. Mario Bisson</p> <p>Arquitecto. Responsable científico do laboratorio da cor de INDACO. Politécnico de Milán.</p>	<p>Viernes 28.10.11 16-20</p> <p>Sábado 29.10.11 10-14</p>	<p>Valoración do espazo urbano. Cualificación e recualificación do espazo público Metodoloxía de proxectación da cor. O plan de cor como instrumento de identidade do territorio. A problemática da xestión da cor sobre o territorio. A comunicación urbana Aspectos ergonómicos e funcionais da cor. Aspectos culturais da cor. Color trend. A problemática da cor no espazo público.</p>
M5	Cor e cidade histórica	<p>Prof. D. José Aguiar Portela Da Costa</p> <p>Doutor Arquitecto. Presidente do Icomos Portugal. Profesor na Facultade de Arquitectura de Universidade Técnica de Lisboa.</p>	<p>Venres 04.11.11 16:00-20:00</p> <p>Sábado 05.11.11 10:00-14:00</p>	<p>Culturas da cor e da cal, entre o mediterráneo e o atlántico: a arquitectura tiña cor e o ornamento non era un delito! Levantamento e caracterización histórica de revestimentos e acabados exteriores a base de ligantes minerais. Reapropiación dos antigos saberes construtivos: restitución por referencia ás prácticas históricas. Estudio, planeamento e proxecto da cor no patrimonio urbano. Avances recentes no coñecemento e investigacións de referencia Alguns casos de estudio: aplicación de metodoloxías de base científica para a análise e intervención cromática no patrimonio urbano.</p>
M6	Cor e cidade histórica	<p>Dna. Blanca Besteiro García Restauradora</p>	Sábado 05.11.11 16:00-18:00	Traballo de investigación das cores históricas no Burgo Vello de Lugo: o barrio da Tinería.
M7		<p>Mesa redonda. Debate</p> <p>D. José Aguiar Portela Da Costa Dna Branca Besteiro García D Adolfo de Abel Vilela. Doutor en Xeografía e Historia. Escritor. Dna Mónica Alonso Doutora en Belas Artes. Artista plástica. Dna Carmen Lamela Viera Doutora en Socioloxía. Profesora titular UDC. D Julio Reboredo Pazos. Licenciado en Historia. Catedrático de Historia en Secundaria.</p> <p>Modera: Ángeles Castro Dapena</p>	18.00-20:00	

2º. WORKSHOP internacional Cor e Cidade.

Profesores: Mario Bisson, Cristina Boeri, Valentina Vezzani
Laboratorio da Cor, Departamento Indaco, Politécnico de Milán
Duración: 3 días de 8 horas cada un

Entender como utilizar do mellor xeito posible a cor é un tema central, non só para os artistas senón tamén para os arquitectos, os deseñadores e en xeral os proxectistas, que aínda que traballan de maneira habitual o cromatismo, a miúdo teñen un coñecemento pouco preciso dos aspectos psico-físico-perceptivos que van unidos á utilización da cor.

Engadir que o éxito dun proxecto pode depender dunha elección correcta da cor e da capacidade de inserirse positivamente no ambiente construído: particularmente na cidade e nun modo máis xeral na paisaxe urbana.

A finalidade do curso é transmitir teóricamente un coñecemento básico da cor e os aspectos que van unidos á súa percepción, partindo dunha proposta cromática eficaz para chegar a profundizar nos aspectos metodolóxicos e instrumentais, que van en estreita unión co proxecto da cor.

Particularmente profundizarase no tema dos Plans de Cor e da cualificación /recualificación da cidade, a través da valorización das súas cores e da súa imaxe cromática.

O workshop está articulado en sesións teóricas e talleres prácticos.

Programa

Primeiro Día

Mañá: Cor e percepción; cor intrínseco e cor percibida, a compoñente cromática no proxecto

Tarde: Individualizar o caso obxecto de estudo sobre o cal operar e organizar as fases do proxecto, relevos fotográficos e cromáticos.

Segundo Día

Mañá: Planificación da cor urbana, planos da cor, significado da cor na cidade contemporánea


Tarde: Elaboración de hipóteses proxectuais de intervención cromática sobre o caso de estudo individualizado

Terceiro Día

Mañá: Síntese do traballo e preparación da presentación

Tarde: Presentación e debate dos traballos presentados.

3º. LABORATORIO “Ensanche da Ramella”.



Laboratorio formativo práctico experiencial.

O seu fin será a formación de 10 arquitectos, coa carreira terminada nos últimos 5 anos e con residencia na cidade de Lugo, na elaboración de plans de cor. Coordinados por 4 arquitectos con experiencia na intervención no patrimonio.

Elaborarase un traballo final, que será o establecemento dun código cromático e a súa aplicación, para a posta en valor da arquitectura prerracionalista e racionalista no Ensanche da Ramella no Casco Histórico de Lugo.

O ámbito de traballo se corresponde co que poderíamos chamar o ensanche interior do s.XX de Lugo (ver plano adxunto) proxectado por Luis Vázquez (1878), Cobreros (1892) e Juan de Mendoza (1903). Dende o punto de vista arquitectónico é bastante homoxéneo e, por ultimo, é unha parte da cidade que merece ser recuperada e reavaliada (hoxe en día un tanto "escura" -rúa Quiroga Ballesteros no seu tramo entre a praza de abastos e a rúa Bolaño Ribadeneira-) e un pouco afastada ou esquecida (tramo oeste da rúa Amor Meilán).

Por todo parécenos que este ámbito ofrece importantes posibilidades para a potenciación ambiental dunha parte do casco histórico que merece ser vista dende a perspectiva do ensanche da cidade primeira metade do s.XX.

Denominación: Laboratorio formativo práctico experiencial.

Organización: Comisión de Cultura da Delegación do COAG en Lugo.

Coordinación xeral: Dna. Ángeles Castro Dapena. Arquitecta

Coordinadores:

Os coordinadores/profesores do Laboratorio son 4. Os criterios de selección foron: a experiencia en xestión de equipos de arquitectos; a realización de másters e cursos específicos de rehabilitación e restauración do patrimonio arquitectónico e a experiencia na intervención no patrimonio arquitectónico.

D. Manuel López Guitar. Arquitecto

D. Jorge Salvador Fernández. Arquitecto.

Dna. Luisa Serrano García. Arquitecta.

D. Raul Veiga Lamelas. Arquitecto.

Alumnos e alumnas participantes:

10 arquitectos titulados nos últimos 5 anos, seleccionados por una comisión integrada pola Xunta Directiva do Coag Lugo, a coordinadora xeral do laboratorio, os coordinadores, a Xerente do URBAN e un/una representante do Concello de Lugo.

Competencias:

1. Formación teórico práctica de arquitectos sen experiencia nun tema tan específico como é a relación entre a cor e a cidade a través dos plans de cor.
2. Recollida de información significativa, análise, síntese e xestión adecuada. Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables. Plantexar estratexias de investigación e innovación para resolver expectativas centradas en funcións, necesidades e materiais. Dominar a metodoloxía de investigación.
3. Integración adecuada en equipos e grupos de traballo. Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
4. Uso dos medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade hacia o patrimonio cultural e medioambiental. Contribuir coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

Avaliación:

Recibirán un diploma de apto a emitir polo COAG sempre que cumplan co 90 % das asistencias e tendo en conta os seguintes criterios de avaliación a decidir polo equipo docente integrado polos coordinadores e a coordinadora xeral:

1. Amosar unha actitude autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
2. Amosar unha actitude de responsabilidade no uso dos medios e recursos ao seu alcance en relación co patrimonio cultural e medioambiental.
3. Apreciar a importancia da sensibilización social respecto do valor do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.
4. Apreciar a sensibilidade estética, medioambiental e cara a diversidade.
5. Colaborar de modo integrado en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
6. Esforzarse no traballo autónomo.
7. Localizar e compilar información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
8. Manexar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
9. Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
10. Preocuparse por buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
11. Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
12. Usar as habilidades comunicativas e amosar unha actitude crítica construtiva no traballo en equipo.
13. Desempeñar eficazmente o traballo especializado en equipos multidisciplinares afectos a proxectos complexos.
14. Coñecer as tipoloxías históricas máis salientables.
15. Aceptar e respectar as diferentes funcións subordinadas, participativas ou de liderado que se poden dar na redacción dun proxecto..
16. Coñecer as implicacións técnicas que supón a súa actividade profesional e ser capaz de desenvolveselas nas súas aplicacións prácticas.
17. Coñecer os procesos e recursos propios do traballo de proxecto en equipo, mostrando capacidade de adaptación e flexibilidade ante as esixencias do traballo e capacidade de integración no grupo.
18. Dominar a lectura de necesidades funcionais e a formalización de respostas coherentes.

Traballo final:

Establecemento dun código cromático e a súa aplicación para a posta en valor da arquitectura prerracionalista e racionalista no Ensanche da Ramella no Casco Histórico de Lugo. Donaranse dúas copias en papel e unha en formato dixital de dito traballo ao Concello de Lugo.

Temporalización:

Desenvolverase en horario de 9:00 a 15:00 ao longo de dous meses nun total de 240 horas.

1. Primeiro mes: Toma de datos, investigación.
2. Segundo mes: Elaboración de propostas.

Lugar de celebración:

Edificio da Delegación do COAG en Lugo.

Condicións dos alumnos:

Recibirán 399 euros ao mes en concepto de beca coas nas seguintes condicións:

Faltas ao curso:

Só se considerarán xustificadas as faltas:

Por enfermidade. Aportando xustificante médico.

Circunstancia familiar grave, enfermidade de familiar co que conviva que necesariamente deba atender, hospitalización ou falecemento.

Sempre se acompañará de xustificante oficial da causa.

Exames de estudos oficiais.

Xestións en organismos oficiais. A non ser que polo tipo de trámite non sexa posible, para que sexa considerada falta xustificada (media falta), é necesario reincorporarse ao curso antes das 12 horas ou ausentarse do mesmo a partir das 12 horas. Deberase achegar un xustificante.

Redución do importe da beca de asistencia:

O importe da bolsa de cada mes reducirase do seguinte xeito:

4 faltas xustificadas: abóase o 50% da bolsa.

5 ou máis faltas xustificadas: non se aboa bolsa.

1 falta sen xustificar: abóase o 70% da bolsa.

2 faltas sen xustificar: abóase o 50% da bolsa.

3 faltas sen xustificar: non se aboa bolsa e pode ser causa de exclusión do programa.

Se se suman faltas xustificadas e sen xustificar aplicarase sobre o importe inicial da bolsa as porcentaxes sinaladas.

Unha ausencia superior a 15 minutos en calquera momento da formación (inicio, despois dun descanso, saída) computarase como media falta.

Se se causa baixa no curso por expulsión ou por propia iniciativa, o mes no que se produza a baixa non se aboará bolsa.

Contidos do laboratorio:

Estudo, análise e interpretación dos datos cromáticos (1 mes)

0. Introducción ao estudo cromático e principais problemas da súa investigación. metodoloxía de traballo (4 formadores + 10 alumnos / 1 xornada)
1. Caracterización arquitectónica-morfolóxica e ambiental (1 formador + 5 alumnos / 1,5 semanas)
2. Estudo das técnicas e materiais empregados (1 formador + 5 alumnos / 1,5 semanas)
3. Encadramento cultural e arquitectónico-urbanístico (1 formador + 5 alumnos / 1 semana)
4. Introducción á problemática das decisións cromáticas e de proxecto (2+2 formadores + 10 alumnos / 2 xornadas)
5. Introducción aos principios de intervención: autenticidade, intervención mínima, reversibilidade, compatibilidade, mantemento, rexistro e documentación e conservación (4 formadores + 10 alumnos / 1 xornada)

Elaboración da proposta de cor (1 mes)

6. Análise das diferentes opcións de proxecto (2 formadores + 10 alumnos / 2 xornadas)
7. Estudo de solucións de intervención (2 formadores + 10 alumnos / 2 xornadas)
8. Proposta cromática e recomendacións para a restauración (2+2 formadores + 10 alumnos / 2 semanas)
9. Conclusións (4 formadores + 10 alumnos / 1 xornada)

Outras consideracións:

Todas as incidencias que poidan xurdir serán resoltas por una comisión integrada pola Xunta Directiva do COAG Lugo, a coordinadora xeral, os coordinadores, a xerente do URBAN e un/una representante do Concello de Lugo.